

O rol do Product Owner: Creación de Valor con Scrum e IA. Introducción ao curso oficial Scrum Product Owner de CNTG

Descrición

O próximo **curso oficial Scrum Product Owner do CNTG** celebrarase do **2 ao 5 de novembro de 2026**, con período de inscrición aberto do **1 ao 15 de outubro de 2026**. Esta formación, recoñecida oficialmente pola entidade certificadora Scrum Manager, permite obter a **certificación internacional Scrum Product Owner**, unha das máis valoradas no ámbito da xestión áxil de produtos e servizos.

Este seminario en liña ten como propósito axudarche a coñecer o alcance, os contidos e o valor profesional do curso oficial, así como o seu impacto no desenvolvemento de competencias clave para maximizar o valor do produto dentro dunha contorna áxil. Está deseñado para que os asistentes comprendan se esta formación e certificación son o seguinte paso adecuado na súa traxectoria profesional ou na evolución áxil da súa organización.

O seminario explicará os principios e prácticas fundamentais do marco Scrum, os obxectivos formativos do curso, o tipo de exercicios e dinámicas que se realizan, e as competencias que se certifican a través de **Scrum Manager**. Tamén se presentarán casos reais de aplicación do rol de Product Owner en contextos de distinta madurez áxil, destacando as claves para a xestión eficaz do valor e a mellora continua.

Ademais, o seminario mostra como utilizar a IA para potenciar as boas prácticas incluídas no curso que debe coñecer un Scrum Product Owner profesional.

Perfil do docente

O relator da xornada será **Raúl García, Agile Coach, Trainer e SAFe® (SPC)**. Conta con experiencia acompañando a propietarios de produto, equipos de desenvolvemento, áreas de negocio e oficinas de proxecto na adopción de marcos áxiles. Está certificado como SAFe® Practice Consultant (SPC), Scrum Manager Trainer, Scrum Master, Product Owner e especialista en Kanban. Participou en iniciativas de transformación áxil para organizacións como Caser, Orange, LaLigaTech, Admiral e Iberostar, facilitando a implantación de marcos Scrum, Kanban e SAFe®.

Raúl, recentemente galardoado co **Excellence in Training Award de Scrum Manager** pola excelencia na docencia e a valoración dos seus alumnos, compartirá a súa experiencia no acompañamento de organizacións en procesos de transformación Agile e a súa visión sobre como o marco Scrum potencia a orientación ao cliente, a toma de decisións baseada en datos e a colaboración entre negocio e desenvolvemento.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	24/08/2026 - 22/09/2026
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Virtual
DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	23/09/2026
DATA FIN	23/09/2026
HORARIO	Horario de 10:00 a 14:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	23/09/2026 - 23/09/2026

Temario

- Introducción ao marco Scrum
 - Orixes e fundamentos do marco.
 - Roles, artefactos e eventos en Scrum.
 - O valor como eixo central da entrega áxil.
- O rol do Product Owner
 - Responsabilidades clave: visión de produto, priorización e xestión do backlog.
 - Traballo colaborativo co equipo e os stakeholders.
 - Técnicas para definir, medir e comunicar o valor.

- Técnicas potenciadas con IA
- O curso oficial Scrum Product Owner do CNTG
 - Estrutura do curso (4 xornadas).
 - Principais contidos e obxectivos de aprendizaxe.
 - Exercicios e dinámicas prácticas do curso.
 - Certificación Scrum Product Owner validada por Scrum Manager.
- Casos reais e beneficios da certificación
 - Exemplos de implantación do rol en diferentes sectores.
 - Resultados e melloras observadas en aliñamento e satisfacción do cliente.
 - Recoñecemento e validez internacional de Scrum Manager.
- Próximos pasos e curso oficial - novembro 2026
 - Datas, proceso de inscrición e requisitos.
 - Materiais recomendados para a preparación previa.
 - Espazo de preguntas e orientación personalizada